



REGULAMENTO DO CONGRESO LOCAL

PARTIDO POPULAR

SAN AMARO

31 de maio de 2025



TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1 CONVOCATORIA DO CONGRESO

De conformidade co establecido nos vixentes Estatutos do Partido Popular e no Regulamento Marco de Congresos (en adiante, R.M.C), mediante Acordo adoptado polo Comité Executivo Provincial na súa reunión de data 22 de abril de 2025, convócase a celebración do Congreso local do Partido Popular de San Amaro, que terá lugar o día 31 de maio de 2025, no Local Social de As Neves de Grixoa do Concello de San Amaro, a partir das 12:00 horas.

O horario, así como a programación concreta do Congreso, serán elaborados pola Comisión Organizadora. e serán publicadas na páxina web do Partido Popular de Ourense á maior brevidade posible.

A convocatoria do Congreso Local comunicarase a todos/as os/as afiliados/as da Xunta Local de San Amaro que cumpran os requisitos sinalados no artigo 12.3 do R.M.C.

Nesta comunicación, que se realizará ao día seguinte da adopción do acordo de convocatoria, deberá indicarse o sistema para formalizar a asistencia e a data límite para realizala (artigo 20.4 e .6 R.M.C.).

Na páxina web do Partido Popular de Ourense publicaranse todos aqueles documentos e informacións relevantes para o bo desenvolvemento e organización do mesmo.

Artigo 2 COMISIÓN ORGANIZADORA DO CONGRESO

Encoméndaselle á Comisión Organizadora o impulso, coordinación e dirección de todos os aspectos organizativos para o bo desenvolvemento do Congreso.

Tamén lle corresponde garantir a transparencia do proceso electoral, así como velar pola igualdade de dereitos de todos/as os/as afiliados/as e por o respecto á legalidade vixente en materia de protección de datos.

Así mesmo, garantizará a todos/as os/as candidatos/as a igualdade de oportunidades e asegurará a neutralidade da organización do Partido.



En cumprimento da normativa sobre protección de datos, da circular sobre protección de datos nos congresos do Partido Popular de data 21/12/2020, e das normas sobre o uso das listaxes de afiliados/as do Partido Popular de data 19/04/2021, os/as candidatos/as non poden acceder ás listaxes dos/as afiliados/as, xa sexa mediante a recepción física ou electrónica das mesmas, ou a mera reprodución ou acceso visual ás mesmas.

Calquera acto de propaganda electoral que se pretenda levar a cabo realizarase, en condicións de igualdade, a través dos servizos do propio Partido.

Artigo 3 COMPETENCIAS DO CONGRESO LOCAL

O Congreso Local do Partido exerce as facultades seguintes:

- a) Aprobar ou censurar, no seu caso, a actuación desenvolta desde o anterior Congreso polo Comité Executivo Local.
- b) Aprobar ou modificar a normativa regulamentaria e organizativa propia do seu ámbito territorial, sen poder alterar as normas de rango superior.
- c) Coñecer as contas do Partido no municipio.
- d) Configurar as normas políticas básicas para a dirección do Partido no seu ámbito territorial específico.
- e) Debater e adoptar cuantos documentos enriquezan a actuación do Partido Popular no municipio, definan a súa oferta electoral ou afecten a estratexia de xestión da súa competencia.
- f) Elixir o Presidente e aos vogais que integrarán o Comité Executivo.

Artigo 4 REGULAMENTO DO CONGRESO

Todo o relativo á organización e funcionamento do Congreso Local do Partido Popular de San Amaro, rexerese polo presente Regulamento, aprobado polo Comité Executivo Provincial na súa reunión do 22 de abril de 2025.



As dúbidas que se poidan presentar na interpretación deste Regulamento serán resoltas pola Comisión Organizadora ata o momento da constitución da Mesa do Congreso. Durante a celebración do Congreso esta tarefa será competencia exclusiva da Mesa.

Artigo 5 COMPOSICIÓN DO CONGRESO LOCAL

O Congreso Local do Partido Popular de San Amaro será asembleario.

Nos Congresos Asemblearios, terán dereito a participar todos/as aqueles/as afiliados/as do Partido Popular de San Amaro, incluídos/as os/as de Novas Xeracións, que cumpran os requisitos sinalados no artigo 12.3 do Regulamento Marco de Congresos.

Para o exercicio deste dereito e co obxecto de facilitar a organización do Congreso, os/as afiliados/as deberán comunicar a súa asistencia á Comisión Organizadora correspondente, quen establecerá un prazo para a inscrición. (Artigos 20.2 e .3 e 12.3 R.M.C.).

O censo do Congreso: o censo será o pechado o día da convocatoria do Congreso local.

Poderán inscribirse para participar no Congreso do Partido Popular de San Amaro todos/as os/as afiliados/as que se atopen ao corrente do pagamento das cotas no momento da súa inscrición (Artigo 11.2 RMC). O formulario de inscrición estará dispoñible, tanto en formato físico na sede provincial do Partido Popular de Ourense, como en versión electrónica na páxina web do Partido Popular Ourense, e deberá ser entregado antes das 20 horas do día 16 de maio (Artigo 11.1 R.M.C.). No formulario deberá aparecer, alo menos, o nome, apelidos, DNI, teléfono móbil, dirección de correo electrónico, sede na que está afiliado/a e sinatura do/da solicitante. Tamén deberá conter as estipulacións para que os/as inscritos/as consintan a utilización e cesión dos seus datos persoais aos efectos da celebración do Congreso.

Os/As afiliados/as con máis dun ano de antigüidade deberán estar al corrente de, alo menos, as cotas devindicadas desde o ano 2022. Se a afiliación tivese lugar con posterioridade a ese ano 2022 será necesario estar ao corrente de pagamento desde a data de afiliación.



TÍTULO II DO PROCESO DE ELECCIÓN DO/A PRESIDENTE/A

Artigo 6 CANDIDATOS/AS Á PRESIDENCIA LOCAL.

Poderán ser candidatos/as á Presidencia Local do Partido Popular de San Amaro, todos/as os/as afiliados/as do Partido Popular en San Amaro que se atopen ao corrente no pagamento das súas cotas, que non se atopen suspendidos de afiliación e que cumpran co resto das obrigas estatutarias. Ademais, será necesario ter unha antigüidade mínima como afiliado/a de 12 meses.

Para ser proclamado candidato/a á Presidencia Local do Partido, o/a candidato/a deberá ser avalado, alo menos, por 5 afiliados/as que se atopen ao corrente de pagamento das cotas, segundo o establecido no artigo 5.3 do presente Regulamento. (Artigos 20.5, 10.4. e 3.6 R.M.C.).

Os avais terán que formalizarse no modelo oficial que a tal efecto elaborará a Comisión Organizadora e estarán a disposición dos/as afiliados/as a partir da convocatoria do Congreso Local.

A presentación da candidatura á Presidencia Local deberá formalizarse diante da Comisión Organizadora, non máis tarde das 20.00 horas do día 7 de maio de 2025. (Artigo 21.b. R.M.C.).

Rematado o prazo para presentar a candidatura á Presidencia Local, a Comisión Organizadora, unha vez comprobado que as candidaturas presentadas reúnen os requisitos esixidos e verificada a validez dos avais, procederá a proclamar aos/ás candidatos/as e a convocar a campaña electoral interna.

Unha vez proclamados/as os/as candidatos/as á Presidencia Local, estos/as deberán presentar, diante da Comisión Organizadora, e non máis tarde das 20:00 horas do 20 de maio de 2025 (artigo 21.b. R.M.C.), as súas candidaturas completas nas que deberá constar, xunto co nome e apelidos do/a candidato/a a presidir a Xunta Local, a relación dos/as vogais, cun máximo de 20, que formarán o respectivo Comité Executivo (Artigo 21.d. R.M.C.).

Ninguén poderá figurar en dúas ou máis candidaturas.



Artigo 7 DA CAMPAÑA DOS/AS CANDIDATOS/AS Á PRESIDENCIA LOCAL.

A campaña electoral interna comezará ás 00:00 horas do día 9 de maio de 2025 e rematará ás 24:00 horas, del 18 de maio de 2025. (Artigo 21.c. R.M.C.)

Deberá existir, polo menos, un acto de convocatoria aos/ás afiliados/as para que os/as candidatos/as poidan, se así o desexan, presentar o seu programa para presidir a xunta local ao seu equipo. (Artigo 21.c. R.M.C.)

Poranse a disposición os medios telemáticos do Partido para a remisión aos/ás afiliados/as de todas as comunicacións que os/as diferentes candidatos/as poidan elaborar, en condicións de igualdade, e sen cesión a estes/as dos censos de afiliados/as, prohibida pola Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal.



TÍTULO III DO FUNCIONAMENTO DO CONGRESO

Artigo 8 CONSTITUCIÓN DO CONGRESO LOCAL.

O/A Presidente/a da Comisión Organizadora, declarará validamente constituído o Congreso Local, na hora, data e lugar da súa convocatoria, con independencia do número de afiliados/as asistentes.

Artigo 9 COMPOSICIÓN E ELECCIÓN DA MESA DO CONGRESO.

O Congreso Local será presidido pola Mesa do Congreso, que estará composta por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e un/unha vogal. (Artigo 21.e. R.M.C.)

Todos/as os/as membros da Mesa deberán ostentar a condición de afiliados/as nos mesmos termos indicados para poder exercer o dereito ao voto.

No acto inaugural do Congreso, o/a presidente/a da Comisión Organizadora ou a persoa na que delegue, trasladará a proposta de composición da Mesa do Congreso á Asemblea, que deberá ser ratificada por maioría simple. De non aceptarse esta proposta, abrirase un prazo de 30 minutos, durante o que se poderán presentar candidaturas completas á Mesa avaladas como mínimo polo 15% do total do censo de inscritos/as, sendo elixida a candidatura que obteña maior número de votos.

Artigo 10 APROBACIÓN DO REGULAMENTO

Constituída a Mesa do Congreso, deberá anunciar o oportuno acordo de aprobación do Regulamento.

Artigo 11 FUNCÍONS DA MESA DO CONGRESO.

A Mesa dirixirá, impulsará, ordenará e moderará os debates, velando en todo momento pola boa marcha do Congreso.

As súas decisións adoptaranse por maioría simple, tendo o/a seu/súa presidente/a, en caso de empate, voto de calidade.



Corresponde á Mesa cumprir e facer cumprir este Regulamento do Congreso, interpretalo nos casos de dúbida e suplilo nos de omisión.

Artigo 12 DA PRESIDENCIA.

Corresponde ao/á presidente/a, en nome da Mesa, abrir, dirixir, suspender e levantar a sesión; autorizar o uso da palabra e fixar, á vista de peticións de intervención, o número máximo de intervencións e a duración das mesmas. Así mesmo, antes de cada votación, exporá con claridade os termos da proposta ou propostas sometidas a votación.

O/A presidente/a poderá chamar á orde e, no seu caso, retirar a palabra a quen nas súas intervencións se alargue excesivamente, se desvíe do tema obxecto de debate, falte ao establecido neste Regulamento, profira expresións ofensivas ao decoro do Partido, dos seus/súas membros ou de calquera outra institución, entidade ou persoa, ou que de calquera outra forma alteren u obstaculicen a boa marcha do Congreso.

Artigo 13 DA SECRETARÍA

Corresponde á Secretaría da Mesa, a redacción da acta de sesión, recollendo na mesma o resumo das intervencións, as propostas presentadas, as votacións producidas, indicando o número de votos emitidos, os favorables, os contrarios, os nulos e as abstencións, así como os resultados.

A acta será aprobada pola Mesa e, unha vez rematado o Congreso será asinada por todos/as os/as seus/súas integrantes, remitíndose posteriormente á sede provincial do Partido.

Artigo 14 FUNCIONAMENTO DO CONGRESO

O Congreso funcionará en Pleno. Os seus acordos adoptaranse por maioría simple mediante votación a man alzada, salvo os referentes á elección dos órganos do Partido, que se acomodarán ao establecido no presente Regulamento.



Artigo 15 PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS E PROGRAMAS DIANTE DO CONGRESO

Os/As candidatos/as proclamados/as terán dereito a presentar diante do Pleno do Congreso o seu programa e ao equipo que lle acompañará para cubrir os órganos de dirección, correspondendo á Mesa limitar os tempos, así como fixar a orde de intervencións. Para iso, deberá considerarse o número de avais válidos que presente cada candidato/a, de maneira que os/as que aporten maior número, terán prioridade para elixir a orde da súa intervención. Os empates dirimiranse por sorteo.

Artigo 16 DAS VOTACIÓNS

A elección do/da presidente/a levarase a cabo na Asemblea local. Esta Asemblea elixirá nunha listaxe os/as vogais que formarán o Comité Executivo Local, figurando como presidente/a quen houbera sido proclamado/a candidato/a.

A votación dos/as candidatos/as efectuarase mediante votación secreta. Para iso, habilitaranse o número de urnas que a Comisión Organizadora considere conveniente. Cada urna estará baixo a custodia dunha Mesa Electoral designada a tal fin pola Mesa do Congreso.

Os/As candidatos/as á Presidencia poderán nomear un/unha ou varios/as afiliados/as que actúen como interventores/as ou apoderados/as no acto da elección, pero soamente un/unha deles/as, ao mesmo tempo, incorporaranse á Mesa constituída ao efecto.

As papeletas para efectuar a votación serán elaboradas pola Comisión Organizadora e nelas aparecerá tras o texto “DOU O MEU VOTO Á CANDIDATURA ENCABEZADA POR” o nome do/da candidato/a á Presidencia.

Os/As afiliados/as con dereito a voto, no momento de depositar a papeleta de voto, acreditarán a súa identidade co Documento Nacional de Identidade, Pasaporte ou Permiso de Conducir.

Durante a xornada electoral queda prohibido facer campaña ou distribuír papeletas, previamente sinaladas, no interior do recinto no que se celebren as votacións, podendo precisar a Mesa do Congreso os límites.

Unha vez finalizada a votación, as Mesas Electorais realizarán os escrutinios que serán remitidos á Mesa do Congreso, quen anunciará os resultados e proclamará á candidatura que obteña o maior número de votos.



No caso de que houberse máis dun/dunha candidato/a e se producira un empate no número de votos a cada candidato/a, o desempate resolverase por sorteo.

TÍTULO IV DAS IMPUGNACIÓNS

Artigo 17 PROCEDEMENTO E ÓRGANOS COMPETENTES

Os acordos de proclamación de candidatos/as poderán impugnarse por estes/estas, por escrito, diante da Comisión Organizadora do Congreso que, nun prazo máximo de 24 horas, resolverá sobre esa impugnación.

As reclamacións e impugnacións daqueles acordos tomados durante a celebración do Congreso serán presentadas polos/as afiliados/as diante da Mesa do Congreso, que resolverá durante a celebración do mesmo, incluíndo na acta as motivacións nas que se fundamente a súa resolución.

A resolución da Mesa será apelable diante do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia, no prazo máximo de 24 horas despois da celebración do Congreso.

O Comité Nacional de Dereitos e Garantías resolverá, en segunda instancia, os recursos interpostos contra as resolucións do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia.



DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto neste Regulamento será de aplicación o disposto nos Estatutos Nacionais do Partido Popular e no Regulamento Marco de Congresos.